

Na morte de Gonzalo Jar Couselo

Son días de tristura en Lérez: nesta noiteboa acaba de deixarnos Gonzalo Jar Couselo. Aínda no mes de agosto estivera entre nós visitando a exposición sobre os músicos de Lérez e asistindo aos recitais de Félix Cons e de Ramos e Canosa. Compartimos todos diversas cancións e tamén moitas emocións. Ao despedirse e como facía sempre, na súa condición de membro entusiasta de CEDOFEITA, despois de gabar as actividades realizadas dixo o consabido ¡ Que difícil vai ser melloralo o ano que ven! ¡ A ver con que nos sorprendedes!. Pero a enfermidade non lle permitiu volver ao seu querido Lérez, falar cos amigos, preguntar por as novidades...

Non é este o lugar para falar dos seus méritos como militar ou como especialista en dereito internacional, para nós foise un membro da asociación e colaborador da nosa revista, unha persoa namorada de Lérez e as súas xentes, da nosa cultura e da nosa lingua, defensor do medio ambiente e do río Lérez que tan ben coñecía...

O 2 de xaneiro a igrexa de San Salvador de Lérez quedou pequena para acoller aos centos de persoas que acudiron a dar o último adeus a Gonzalo Jar. Foron moitas as que seguiron o acto dende o adro. Unha das súas fillas leu a manda testamentaria que deixara escrita, ao rematar soaron os aplausos.

Manda testamentaria de Gonzalo Jar Couselo. Publicada no libro: En galego, agora e sempre, editado pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

Ós dezasete anos, con moita morriña e máis medo ó descoñecido, saín da miña casa de Lérez para comezar unha vida profesional, a de garda civil, que, salvo a paréntese de dous anos en Lugo, ía obrigarme a ter que vivir lonxe dese pequeno paraíso que entón era todo o que estaba a beira dun engaiolante río Lérez. Atrás deixaba os meus pais, pero sobre todo a miña avoa Xoana, unha velliña que morrería dous anos máis tarde e que nos deixaba a toda familia, precisamente por non saber falar outra lingua, a mellor herdanza que nos podía transmitir, o emprego permanente do galego como única maneira de comu-



nicarmos entre nós. Moito tempo despois descubriría o privilexio que supón desenvolver os primeiros anos dunha vida con dúas linguas sen ningún esforzo para o neno que era. Unha vez casado cunha dona non galega, a chegada de dúas fillas plantexoume a dúbida de como tería que facer para que esa herdanza que me fora transmitida non morrera de maneira definitiva, así que, desde ben pequenas e coa complicidade da miña muller, puxen en marcha un plan, vixente deica hoxe, que consistía en falarlles sempre en galego aínda que elas me responderan en castelán. Pasaron os anos e a maior, Ana, hoxe alta funcionaria do Estado, tras estudar na escola de idiomas de Madrid cinco anos de galego é xa unha verdadeira defensora da nosa lingua; en canto á pequena, Marta, xornalista, custoulle un pouco máis a entrada nese mundo, pero un Erasmus en Lisboa tróuxoma ó noso eido pola vía do portugués. É así como, cando se aproxima o intre de facer testamento, quero pedirlle a ámbalas dúas que, de igual maneira que recibiron ese privilexio, se comprometan ante a xeración que lles precedeu a manter viva o que consideramos é o mellor legado que se lle pode facer a unha persoa.

O 11 de setembro e por iniciativa da Irmandade Xurídica Galega, tivo lugar na xunqueira de Lérez a inauguración dun monumento co seu busto e tamén un acto de homenaxe no que interviñeron distintas personalidades. O salón de actos do Pazo da Cultura encheuse de amigos e veciños de Gonzalo Jar. Como dixo o fiscal Benito Montero no acto de inauguración do monumento:

Para ser autenticamente universal hai que ter raíces na propia terra, nas propias tradicións, no propio idioma, por iso Gonzalo foi un home universal.